

INFORME DE AVALIACIÓN
I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
DO CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES
2010-2013



Edita:

Concello de A Pobra de Trives
Concellería de Cultura, Muller e Igualdade

Dirección, Coordinación, Redacción e Elaboración:

Equipo Técnico do Centro de Información ás Mulleres do
Concello de A Pobra de Trives.



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. METODOLOXÍA	4
3. AVALIACIÓN CUANTITATIVA	7
4. AVALIACIÓN CUALITATIVA	17
5. DAFO	19
6. ÁREAS DE MELLORA	22
7. ANEXOS	24

Introdución

O I Plan para a Igualdade de Oportunidades do Concello de A Pobra de Trives 2010-2013, presentábase como un documento marco de actuación e unha ferramenta que facilitase o impulso da igualdade dentro do noso Concello e como un instrumento de traballo que recollía as actuacións que ían realizarse dende os distintos departamentos municipais na procura desde obxectivo.

A elaboración dese I Plan levárase a cabo en base a un diagnóstico do ano 2010 sobre a situación de mulleres e homes no concello, así como as achegas do persoal político, técnico e doutros axentes sociais que interviñeran no mesmo.

A súa vixencia era de 4 anos.

Os logros acadados durante este tempo son froito da suma da vontade política de seguir consolidando recursos dirixidos a promover o principio de Igualdade, tanto na política municipal, como na convivencia cidadá; do traballo realizado polo persoal do Centro de Información ás Mulleres, que fixo posible a posta en marcha destas actuacións; así como as accións que realizaron o resto das áreas e servizos municipais.

Tras finalizar o proceso de implementación do I PIOM, a etapa de avaliación resulta un proceso fundamental para determinar o grao de cumprimento do mesmo e o alcance ou impacto de xénero que tiveron as accións executadas.

O II Plan, que se elaborará trala valoración do primeiro, terá unha vixencia, novamente, de 4 anos, do 2018 ao 2021.

Neste momento, tense iniciado o proceso para a valoración do cumprimento do I Plan e a realización do II Plan. Este proceso de traballo no seu conxunto, vai ter as seguintes fases:

FASE 1: Lanzamento do proceso.

FASE 2: Valoración do Plan anterior e planificación do diagnóstico e recollida de datos.

FASE 3: Análise dos datos e elaboración do I Borrador do diagnóstico.

FASE 4: Contraste e validación do diagnóstico.

FASE 5: Elaboración do I borrador do novo plan para a igualdade.

FASE 6: Contraste e validación do plan para a igualdade.

FASE 7: Redacción final.

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

O presente Informe corresponde á FASE 2 de valoración cuantitativa e cualitativa do I Plan, e en menor media, á FASE 3 e 4.

Trátase, en fin, de realizar o estudio de avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades e elaborar un documento de recollida e exposición de resultados, de conclusións e recomendacións a ter en conta na elaboración do II PIOM.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



Centro de Información á Muller

CIM A Pobra de Trives

Metodoloxía

Para a valoración do grado de execución do I Plan para a Igualdade de Oportunidades do Concello de A Pobra de Trives 2010-2013, creouse un equipo formado pola Concelleira encargada da área de cultura, muller e igualdade, a encargada do servizo de atención psicolóxica e directora do Centro de Información a Muller e a encargada do servizo de atención xurídica do Centro de Información a Muller deste Concello.

As **ferramentas avaliativas** empregadas foron: fichas das accións desenvoltas, informes de actividade, memorias de actividade e memorias técnicas anuais.

Asemade, as **fontes de verificación** utilizadas foron: contactos co persoal técnico, revisión de documentación e entrevistas con distintas persoas implicadas.

Utilizáronse ós seguintes **criterios de avaliación**:

a) A nivel CUANTITATIVO:

Realizouse unha revisión de tódalas accións/actuacións contidas no I Plan, e para cada unha de delas determinouse o seu grado de cumprimento: "realizada", "realizada parcialmente" ou "non realizada".

Tamén se revisaron aquelas "accións/actuacións realizadas e non previstas nin planificadas no I Plan".

1. Considérase que UNHA ACCIÓN SE REALIZOU cando se teñan executado actividades concordantes ó longo de todo o período do Plan (2010-2013) se a acción e/ou o cumprimento do obxectivo así o contempla.

2. Considérase que UNHA ACCION SE REALIZOU PARCIALMENTE cando:

a.- Se ten levado algunha actividade o longo do prazo de execución pero non se teña cumprido na súa totalidade;

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

b.- Cando teñan existido factores externos que fixeran imposible a execución de dita acción e/ou a implementación dunha acción equivalente;

c.- Cando se substituíra a actividade por algunha outra equivalente que se axustaba mellor ó cumprimento do obxectivo, pero non se acabara aínda de executar;

d.- Cando se teña realizado a actividade, pero non se sostivera ó longo do período de execución.

3. Considerouse que **UNHA ACCIÓN NON SE REALIZOU** cando non se tivese levado a cabo ningunha actividade concordante durante todo o período de execución do Plan.

b) A nivel CUALITATIVO:

O obxectivo xeral que se marcaba o I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de A Pobra de Trives era o da "adopción dunha estratexia transversal que abrangue toda a política municipal", con "medidas tendentes a impulsar a transversalidade de xénero nas distintas áreas municipais".

Tomando como referencia este principio reitor, optouse por estruturar o plan en cinco áreas de intervención, vinculadas ao reparto de concellerías e unha delas específica de violencia de xénero.

Dentro de cada unha destas áreas, definíanse unha serie de obxectivos específicos, con diversas actuacións a executar durante a propia vixencia do Plan.

Pois ben, estes obxectivos, xeral e específicos, deben ser a base para levar a cabo unha adecuada avaliación cualitativa.

Dende esta perspectiva, hai que definir os obxectivos, neste momento, como "Resultados obxectivamente verificables que se desexan acadar mediante o desempeño de actividades".

As bases da avaliación cualitativa foron as opinións e valoracións que a respecto do Plan, do seu desenvolvemento, cumprimento e impacto, aportaron as distintas persoas entrevistadas e a interpretación dos datos.

A recollida de información realizouse a través de:

- ☐ entrevistas cos diferentes axentes implicados,
- ☐ recompilación de informes de actividade,



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



Centro de Información á Muller
CIM A Pobra de Trives

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

- ☐ produtos xerados,
- ☐ datos de opinións,
- ☐ datos de participación,
- ☐ estudos,
- ☐ memorias dos servizos e departamentos implicados,
- ☐ bases de datos,
- ☐ datos económicos de inversión e
- ☐ estatísticas.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



Centro de Información á Muller

CIM A Pobra de Trives

AVALIACIÓN CUANTITATIVA

O Plan do Concello de A Pobra de Trives 2010-2013, vertebrábase nun obxectivo xeral, con cinco actuacións, e cinco áreas, cada unha delas cun obxectivo xeral e obxectivos específicos, dentro dos cales se sinalaban as actuacións a levar a cabo.

A distribución realizouse con arranxo ao seguinte detalle:

Ámbitos de actuación do Plan	Obxectivo Xeral	Actuacións
Estratexia transversal na política municipal	Un	Cinco

Ámbitos de actuación do Plan (Áreas)	Obxectivos Específicos	Actuacións
1.- Participación e Benestar Social.	Tres	Nove
2.- Muller, Xuventude e Sanidade, Cultura e Educación.	Tres	Oito
3.- Turismo e Medio Ambiente.	Un	Dúas
4.- Medio Rural, Urbanismo e Deporte.	Dous	Cinco
5.- Violencia de Xénero.	Un	Tres
TOTAL	10	27

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013



Ó termo do período de execución do Plan o grado de cumprimento das accións foi:

Ámbitos de actuación do Plan	Actuacións Realizadas	Parcialmente Realizadas	Non Realizadas	Actuacións realizadas non previstas no Plan
Estratexia transversal na política municipal	DÚAS	DÚAS	UNHA	
1.- Participación e Benestar Social.	ONCE	UNHA	CATRO	SEIS
2.- Muller, Xuventude e Sanidade, Cultura e Educación.	TRINTA	NINGUNHA	UNHA	UNHA
3.- Turismo e Medio Ambiente.	NINGUNHA	NINGUNHA	DÚAS	
4.- Medio Rural, Urbanismo e Deporte.	UNHA	UNHA	TRES	
5.- Violencia de Xénero.	TRECE	NINGUNHA	NINGUNHA	
TOTAL	57	4	9	7

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

A representación gráfica do grado de execución das accións quedaría da seguinte maneira:



Tal e como se aprecia, o grao de cumprimento das accións do I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de A Pobra de Trives 2010-2013 é elevado.

Isto foi debido, a que existe unha Concellería da Muller e un Centro de Información a Muller no propio Concello que propiciou o inicio de accións e políticas nesta materia.

Ademais cabe sinalar a disposición óptima dos distintos servizos do concello implicados, a boa planificación e a vontade política existente para a consecución dos obxectivos.

Con todo, unha das causas do baixo cumprimento dos obxectivos dalgunhas áreas é a falta dunha planificación concreta.

A continuación, preséntanse detalladamente as accións anteriormente referidas, no que atinxe ao nivel de execución:

As **ACCIÓNS REALIZADAS** foron:

1º Ámbito de Actuación: ESTRATEXÍA TRANSVERSAL NA POLÍTICA MUNICIPAL:

- * Difusión dos contidos do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre todos os Axentes Sociais, Empresas, Servizos que non pertencen directamente ao Concello e entre a cidadanía en xeral.

- * Velar por que a linguaxe e imaxe empregada en toda a cartelería, documentación, publicidade, proxectos, ofertas de emprego público,...non contivera elementos discriminatorios e sexistas.

2º Ámbito de Actuación: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL:

Obxectivo Específico 1:

- * Facilitar a participación das mulleres en todas as actividades desenvolvidas polo concello de forma que se acadou unha participación equilibrada nos actos públicos.

- * Fortalecemento das asociacións de mulleres, ofrecéndolles os recursos que precisen para a consecución dos seus obxectivos, que a meirande parte coincidían co Plan.

Obxectivo Específico 3:

- * Planificar actividades formativas de maneira que se adaptasen as necesidades horarias das persoas participantes, e desta forma facilitar a súa conciliación laboral e familiar.

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

* Realización de actividades formativas que serviron para mellorar o nivel de formación ocupacional das mulleres desempregadas de Pobra de Trives e arredores, formándoas especialmente en novas tecnoloxías.

3º Ámbito de Actuación: MULLER, XUVENTUDE E SANIDADE, CULTURA E EDUCACIÓN:

Obxectivo Específico 1:

* Organización de actividades de formación, charlas, foros, debates, seminarios, exposicións onde se deu a coñecer as contribucións das mulleres na historia do municipio.

* Realización, cara as nais e pais, de actividades onde estivo presente a perspectiva de xénero procurando transmitir actitudes e comportamentos igualitarios das nais e pais cas fillas e fillos.

* Realización de actividades culturais por parte das mulleres, dando tamén a coñecer as manifestacións culturais promovidas por mulleres do Concello de Pobra de Trives.

Obxectivo Específico 2:

* Elaboración de campañas de sensibilización afectivo-sexual entre mozas e mozos que contribuíron a previr a violencia nas relacións de parella ou embarazos non desexados.

* Promoción da participación equilibrada de mozas e mozos en órganos de participación xuvenil.

Obxectivo Específico 3:

* Desenvolvemento de campañas preventivas de enfermidades físicas e psíquicas que afectan tanto a mulleres como homes.

* Impulso e difusión de programas de prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.

4º Ámbito de Actuación: TURISMO E MEDIO AMBIENTE:

* Non hai accións totalmente realizadas nesta área.

5º Ámbito de Actuación: MEDIO RURAL, URBANISMO E DEPORTE:

Obxectivo Específico 2:

* Promoción de iniciativas que potenciaron a participación das mulleres nas distintas actividades deportivas.

6º Ámbito de Actuación: VIOLENCIA DE XÉNERO:

* Desenvolvemento de campañas contra a violencia de xénero, así como contra o acoso sexual.

* Difusión do programa mancomunal contra a violencia de xénero.

* Difusión do teléfono de atención a Muller: 900 400 273 e o 016.

As **ACCIÓNES PARCIALMENTE REALIZADAS** foron:

1º Ámbito de Actuación: ESTRATEXÍA TRANSVERSAL NA POLÍTICA MUNICIPAL:

* Formar ao persoal técnico e político en perspectiva de xénero para garantir a consecución da igualdade.

* Introducir como norma habitual a desagregación de datos por sexo en todas as estatísticas municipais, informes, memorias, actividades....nas que participe a cidadanía.

2º Ámbito de Actuación: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL:

Obxectivo Específico 1:

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

* Apoiar e animar a que as mulleres accederan a cargos políticos e de responsabilidade pública.

3º Ámbito de Actuación: MULLER, XUVENTUDE E SANIDADE, CULTURA E EDUCACIÓN:

* Non hai accións parcialmente realizadas nesta área.

4º Ámbito de Actuación: TURISMO E MEDIO AMBIENTE:

* Non hai accións parcialmente realizadas nesta área.

5º Ámbito de Actuación: MEDIO RURAL, URBANISMO E DEPORTE:

Obxectivo Específico 2:

* Fomentar a participación das mulleres en actividades deportivas vinculadas xeralmente ao sexo masculino.

6º Ámbito de Actuación: VIOLENCIA DE XÉNERO:

* Non hai accións parcialmente realizadas nesta área.

As **ACCIONES NON REALIZADAS** foron:

1º Ámbito de Actuación: ESTRATEXÍA TRANSVERSAL NA POLÍTICA MUNICIPAL:

* Garantir a inclusión da perspectiva de xénero na planificación das actuacións levadas a cabo por cada concellería.

2º Ámbito de Actuación: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL:

Obxectivo Específico 1:

* Realización de accións formativas para mellorar a xestión e administración de entidades sen ánimo de lucro do concello.

Obxectivo Específico 2:

* Crear servizos e establecer acordos, convenios, compromisos de colaboración con entidades rexionais, nacionais, autonómicas ou locais para traballar con mulleres en risco de exclusión social.

* Dar a coñecer os servizos de atención social existentes a toda a cidadanía, a través de charlas informativas.

Obxectivo Específico 3:

* Posibilitar que se incremente o horario do transporte público.

3º Ámbito de Actuación: MULLER, XUVENTUDE E SANIDADE, CULTURA E EDUCACIÓN:

Obxectivo Específico 1:

* Sensibilizar en materia de xénero ás asociacións educativas de nais e pais, de cara a impulsar actividades extraescolares que incidan na coeducación e igualdade de oportunidades.

4º Ámbito de Actuación: TURISMO E MEDIO AMBIENTE:

* Sensibilizar e formar a mulleres e homes no uso e consumo responsable dos recursos naturais e fomentar o reciclaxe de residuos domésticos.

* Establecer criterios de xénero e igualdade e sostibilidade nos plans de desenvolvemento local ou Axendas 21 locais.

5º Ámbito de Actuación: MEDIO RURAL, URBANISMO E DEPORTE:

Obxectivo Específico 1:

* Incorporar medidas que favorezan a seguridade e prevención na planificación urbana (pavimentos deslizantes, mellorar alumado público, sinalización dos lugares que supoñan risco para a seguridade cidadá).

* Incorporar a perspectiva de xénero no deseño de políticas urbanas.

Obxectivo Específico 2:

* Formar en igualdade de oportunidades a monitores/as deportivos do concello.

6º Ámbito de Actuación: VIOLENCIA DE XÉNERO:

* Non hai accións non realizadas nesta área.

As **ACCIONES REALIZADAS NON PREVISTAS NIN PLANIFICADAS**
NO I PLAN foron:

* Diseñar itinerarios formativos e laborais, de forma personalizada e individualizada, para aquelas mulleres que o solicitaron.

* Motivar, informar e apoiar o autoemprego e a creación de empresas por parte das mulleres da zona de influencia.

* Colaborar coas Asociacións de Mulleres da comarca na programación e desenvolvemento de diversas actividades.

* Difusión da formación da Escola Virtual de Igualdade do Instituto da Muller, como oportunidade de capacitación e formación en diversos niveis e especialidades en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes.

* Continuidade do Acordo de Colaboración entre o Concello de A Pobra de Trives, Manzaneda e San Xoán de Río, prestando os servizos de atención psicolóxica, xurídica e de orientación laboral en toda a comarca de Trives.

* Firma do Convenio coa Secretaría Xeral da igualdade da Xunta de Galicia para a asistencia social integral á mulleres inmigrantes a través de un servizo de teletraducción.

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

* Creación dunha Biblioteca da Muller, con adquisición de libros e documentación sobre temática relacionada e posterior préstamo do material as mulleres que o solicitasen.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



Centro de Información á Muller

CIM A Pobra de Trives

AVALIACIÓN CUALITATIVA

Como xa se expuxo máis arriba, os obxectivos serán o pilar da avaliación cualitativa, que se definirán como “Resultados obxectivamente verificables que se desexan alcanzar mediante o desempeño de actividades”.

A valoración cualitativa segue unha estrutura de **CATRO PASOS** onde se analiza, o cadro cuantitativo, a pertinencia dos obxectivos, os resultados obtidos e, por último, o conxunto do Plan.

Neste senso, as valoracións obtidas foron as seguintes:

PASO 1

En que medida as actividades respondían ao obxectivo planeado e en qué medida avanzouse no cumprimento do obxectivo.

Os obxectivos realizáronse de forma elevada.

Así, das áreas incluídas, unha das mais importantes, a de Violencia de Xénero, acadou un nivel total de realización.

No resto das áreas, hai 2 cun alto grao de realización (Participación e Benestar Social e Muller, Xuventude e Sanidade, Cultura e Educación) onde as actuacións levadas a cabo foron numerosas e poucas as que quedaran sen realizar.

Só dúas áreas (Turismo e Medio Ambiente e Medio Rural, Urbanismos e Deporte) tiveron un escaso desenvolvemento, quedando moitas accións pendentes.

En canto o obxectivo xeral da introdución da perspectiva de xénero en todas as actuacións específicas do noso Concello, aínda que non se alcanzou o cumprimento total do programado, si foi alto.

En resume, cabe destacar que o nivel de realización de actuacións foi elevado, cincuenta e sete, quedando só nove non realizadas, o cal pode cualificarse como un resultado exitoso.

PASO 2

Si é posible a súa verificación obxectiva e en qué medida contribúe o obxectivo a avanzar na igualdade entre mulleres e homes.

A gran maioría das accións puidéronse verificar obxectivamente.

Son moi poucas as que non puideron seguir este control, por exemplo: Motivar ás mulleres cara ao autoemprego e a creación de empresas; sensibilizar ao profesorado e alumnado en valores de Igualdade; garantir a atención ás mulleres en ámbitos que impliquen unha mellora da súa calidade de vida e favorecer a práctica deportiva dende unha perspectiva integral.

Isto pódese deber a que se tratan de ámbitos non específicos da Área de Igualdade, o que dificulta esta tarefa.

Con todo, cabe dicir que case sempre o obxectivo proposto contribuía a avanzar na igualdade entre mulleres e homes.

PASO 3

Qué resultados obtivéronse, en qué áreas e elementos que inflúen para explicar o avance de algunhas áreas e non de outras.

Os resultados foron moi satisfactorios en todos os ámbitos de actuación do Plan, aínda que se pode destacar o maior avance en determinadas áreas como a de Muller, Xuventude e Sanidade, Cultura e Educación, Violencia de Xénero e Participación e Benestar Social. Son áreas propicias para o inicio de políticas de igualdade xa que existe unha forte vontade política no tema.

Tal e como se dixo con anterioridade, constátase que as áreas nas que menos se avanzou (Turismo e Medio Ambiente e Medio Rural, Urbanismo e Deporte) foi debido á débil coordinación de dita Área coa Área de Igualdade.

PASO 4

Cal é o grao de cumprimento do conxunto do Plan.

En xeral o grao de cumprimento é Moi Alto, aínda que cara o futuro Plan sería necesario introducir novas áreas e eliminar algunha das existentes, así como definir de forma máis clara e sinxela a diferenza entre os obxectivos xerais, específicos e as accións vinculadas aos mesmos.

Análise DAFO

O obxectivo do análise DAFO consiste en concretar, nun gráfico ou nunha táboa resumen, a identificación dos puntos fortes e débiles do I Plan (interno) coas ameazas e oportunidades externas.

DEBILIDADES

➡ O Plan resultou ambicioso no volume de áreas propostas, algunhas, como urbanismo, con escasa vinculación coa igualdade.

➡ Existiron concentración de actuacións en obxectivos e áreas concretos, quedando outras áreas e obxectivos sen actuacións ou con actuacións moi limitadas.

➡ Algunhas das medidas de actuación aparecen en mais dunha área funcional.

➡ Faltaron ferramentas adecuadas para poder aplicar o mainstreaming de xénero.

➡ Todos os obxectivos no foron claramente verificables o que dificultou coñecer o seu grao de realización.

➡ A nivel técnico, algúns departamento implicáronse máis que outros, sendo os máis implicados aqueles máis próximos ás políticas de igualdade.

➡ A nivel político, a participación e implicación no plan foi boa pero mellorable, xa que non se percibiu un respaldo e implicación suficiente por algunhas das áreas.

➡ Houbo un baixo incremento de recursos económicos da área de Igualdade ao longo do período de vixencia do Plan.

➡ Para o seu desenvolvemento, non se contou con partida orzamentaria propia.

AMEAZAS

➡ Que non funcione o Equipo coordinador.

➡ Que o proceso non esté incluído nunha dinámica municipal de planificación estratéxica.

FORTALEZAS

➡ O grao de cumprimento das actuacións deste I Plan de Igualdade de Oportunidades foi moi elevado.

➡ A coherencia e pertinencia entre os obxectivos formulados e as actuacións desenvoltas.

➡ A clara vontade política da Área da Muller.

➡ A existencia dun área municipal encargada de levar a cabo as accións en materia de igualdade de oportunidades.

➡ Realizouse unha grande difusión das accións da Área de Muller.

➡ A implicación e vontade do persoal técnico de áreas implicadas directamente nas actuacións de xénero, e especialmente do CIM, a pesar das dificultades económicas e técnicas.

➡ A implicación e colaboración dalgunhas áreas do Concello non involucradas directamente no proxecto.

➡ A gran maioría das accións puidéronse verificar obxectivamente. Son moi poucas as que non puideron seguir este control. Isto pódese deber a que se tratan de ámbitos non específicos da Área de Muller, o que dificulta esta tarefa.

➡ Permanencia das Políticas de Igualdade a través do Centro de Información as Mulleres do Concello de Trives.

OPORTUNIDADES

➡ A existencia doutros CIMs na Comunidade Autónoma cos que se mantivo constate contacto.

➡ Maior concienciación en materia de igualdade por parte da poboación xeral e da representación política.

➡ Maior visualización dos temas de igualdade nos medios de comunicación.

➡ Lexislación estatal e autonómica en materia de igualdade.

➡ Promoción das políticas de igualdade desde a Xunta de Galicia a través do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

➡ A existencia de redes pola igualdade (en especial, o Secretaría Xeral), nas que participa o Concello.

➡ Crecente nivel de recursos públicos destinados ao apoio das vítimas de violencia de xénero e ás súas familias.

➡ Maiores niveis de concienciación e sensibilización da violencia de xénero entre os corpos de seguridade do Estado.

➡ O nivel de incorporación da muller ao mercado laboral nos últimos anos.

Áreas de mellora

Cos resultados da avaliación deste I PIOM do Concello de Trives na mán, existe consenso na valoración positiva dos seus efectos, o que motiva a necesidade da elaboración dun II Plan de Igualdade Municipal que permita tanto continuar cos programas e accións exitosas, como que propoña novas actuacións tendo como base a experiencia do PIOM anterior.

Neste senso, as áreas de mellora detectadas, a ter en conta para a elaboración dese II Plan, serían as seguintes:

★ Implicar de xeito total, efectivo e normalizado ao persoal técnico e político do Concello.

★ Incrementar a participación, receptividade e implicación dos homes na posta en práctica do novo PIOM.

★ Mellorar e fortalecer o diálogo e compromiso con todos e cada un dos axentes con intereses no PIOM.

★ Reforzar as relacións de colaboración coas asociacións e entidades municipais en xeral, e coas de mulleres en particular.

★ Diseñar técnicas e ferramentas para aplicar o enfoque integrado de xénero nas políticas públicas locais, fortalecendo a visión estratéxica do II PIOM.

★ Introducir a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais.

★ Mellorar a coordinación entre os diferentes departamentos municipais.

★ Programar e desenvolver reunións periódicas para planificar e coordinar a execucións das actuacións do novo PIOM que fomenten a colaboración interdepartamental do Concello.

★ Mellorar os sistemas e instrumentos de seguimento e avaliación das actuacións.

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

★ Facer unha avaliación anual interna do PIOM, co obxecto de priorizar actuacións en función das necesidades e grado de cumprimento do Plan.

★ Realización dun Plan para a igualdade con obxectivos, áreas e actuacións verificables e adaptados aos retos da realidade social e política actual.

Anexo I

Listado básico de **accións levadas a cabo** durante a vixencia do I Plan para a Igualdade de Oportunidades do Concello da Pobra de Trives 2010-2013.

Ano 2010:

- Celebración do Entroido: organización da cea de comadres.
- Celebración do 8 de Marzo: organización de guateque, con dinámicas, xogos e música.
- Charla: Inclusión da Muller no Mundo Rural.
- Coreografía: montaxe de coreografía feita por mulleres.
- Exposición de fotografías de todas as actividades realizadas polo CIM ata o día.
- Relatorio: "Aprendendo a relaxarnos de diferentes formas".
- Celebración do día das Letras Galegas en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: Charla da autora Yolanda Castaño e entrega de premios de relatos curtos.
- Saída Cultural: visita a mosteiro, obra teatral e cea con mulleres.
- Proxección da película "Las chicas del calendario", con degustación posterior de una pequena merenda.
- II Semana Cultural do Concello da Pobra de Trives en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: stand intercambio de libros, obradoiro de reciclaxe, andainas, xogos de mesa nas prazas, concurso e visionado de curtametraxes, xogos populares, xincana interxeneracional, concurso de

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

fotografía, obradoiro de técnica vocal, cociña para nenos e nenas, concurso de pinchos.

- Relatorio: "A Felicidade".
- Actos conmemorativos do Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: Manifestación e lectura de manifesto, recital de poemas e contos e representación da obra teatral "A cincenta que non quería comer perdices".
- Relatorio: "A Familia".

Ano 2011:

- Exposición "Elas Ensinan".
- Celebración do 8 de Marzo en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral, con ANFAR e con ASASJAR: representación de obra teatral e relatorio sobre violencia de xénero.
- Seminario sobre "Os delitos contra a liberdade sexual: un estudio da realidade xurídica dende a perspectiva de xénero": tres días de charlas sobre o tema.
- Talleres de Saúde Sexual.
- Obradoiro "Control e manexo do stres".
- Programa "Educar en Igualdade" en colaboración entre o Cim de Trives e a Federación de Mulleres Anaral: Charlas no CEIP e no IES do Concello, dirixidas ao alumnado.
- Programa "Educar en Igualdade", dirixido a nais e pais, en colaboración entre o Cim de Trives e a Federación de Mulleres Anaral.

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

- Vídeo Foro sobre a Violencia de Xénero, en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: Proxección de curtametraxe, charla e debate posterior.
- Obradoiro de Corresponsabilidade.
- Colocación Pancarta contra a Violencia de Xénero: "Trives contra a violencia de xénero, non hai excusas contra o maltrato".
- Obradoiro de musicoterapia.

Ano 2012:

- Relatorio: "Contos con Reflexión".
- Relatorio: "Estratexias para vivir máis e mellor".
- Celebración do 8 de Marzo en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: Dramatización de casos de discriminación laboral, proxección de vídeos, actuación das pandereteiras da Asociación Cultural A Caniceira e sorteo de agasallos.
- Relatorio: "A intelixencia emocional".
- Relatorio: "Da motivación á ilusión".
- Relatorio: "Aprendendo a relaxarnos".
- Obradoiro de Musicoterapia.
- Obradoiro de Control e Xestión do Estres.
- Gravación contra a violencia de xénero e visionado de curto sobre as etapas de violencia de xénero, en colaboración coa Asociación de Mulleres Anel.
- Actos conmemorativos do día contra a violencia de xénero, en colaboración coa Federación de Mulleres Anaral: dúas charlas,

CIM A POBRA DE TRIVES

Informe de Avaliación do I Plan para a Igualdade de Oportunidades
2010-2013

representación teatral da obra "Quedan detidas", degustación de pinchos e viños da zona.

- "I Concurso de Tweets contra a Violencia de Xénero", en colaboración cos CIMs de Maceda e Castro Caldelas.
- Apertura de nova conta no Facebook do Cim de Trives.
- Exposición gráfica "Cartas de Amor" sobre a violencia de xénero.

Ano 2013:

- Campaña, a través do Facebook do Cim, contra a depresión.
- Celebración do 8 de Marzo: Colocación de diversos carteis en locais do Concello.
- Charla-Coloquio "Tempos de lecer de antes e de agora", en colaboración coa Asociación de Mulleres Anel.
- Obradoiro de elaboración de xabóns naturais.
- Relatorio: "Permiso, quero ser feliz", en colaboración coa Asociación de Mulleres Anel.
- Taller de Manualidades Creativas.
- Taller de Prevención da Violencia de Xénero a través do Facebook.
- Murais contra a Violencia de Xénero: Colocación en varios establecementos do Concello.
- Actos conmemorativos do día contra a violencia de xénero: Lectura de relatos de caos reais, mini-sketches contra a violencia de xénero, coreografía, entrega de agasallos.

INFORMACIÓN XERAL E DIFUSIÓN:

- Durante estes catros anos, déuselle continuidade ao labor do CIM cos seus servizos de información, asesoramento e atención psicolóxica, xurídica e social.
- Durante estes catro anos, divulgáronse todas as actividades levadas a cabo dende este CIM mediante:
 - Colocación de carteis informativos,
 - Megafonía uns días antes,
 - Colocación no Facebook do propio CIM,
 - Remisión de notas de prensa a diversos medios de comunicación.
- Realizouse unha tarefa de difusión deste I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello da Pobra de Trives mediante:
 - A súa colocación en todos os lugares públicos do municipio.
 - Remisión por correo postal a distintos Concellos, asociacións da zona,...
- Durante estes catro anos, este CIM apoiou a difusión das diversas campañas institucionais desenvoltas pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia con motivo das conmemoracións do:
 - 8 de marzo, Día Internacional da Muller,
 - 23 de setembro, Día Internacional en contra da explotación e trata de mulleres e nenas,
 - 15 de outubro, Día Internacional de Muller Rural,
 - 18 de outubro, Día Europeo contra a trata de seres humanos,

- 25 de novembro, Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero.
- Durante o período de vixencia deste PIOM, déuselle promoción e difusión as diferentes campañas de educación afectivo sexual e prevención de transmisión de ETS e de embarazos non desexados propostas polo Servizo Galego de Saúde e os Centros Quérote.
- Durante estes catro anos, déuselle promoción e difusión a formación da Escola Virtual de Igualdade do Instituto da Muller, como oportunidade de capacitación e formación en diversos niveis e especialidades en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Durante estes catros anos, todo o persoal adscrito o servizo do CIM participou en moitas das actividades de formación e reciclaxe de persoal que lle foron ofertadas, en especial as que se organizaban dende calquera Administración Pública e especificamente as da Secretaría Xeral de Igualdade.
- O seu persoal tamén impartiu, neste período, o módulo de igualdade de oportunidades nos distintos Obradoiros de Emprego que se foron realizando, tanto neste Concello de A Pobra de Trives como noutros limítrofes que o solicitaron.

BIBLIOGRAFÍA:

- I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES 2010 - 2013.
- INFORME DE AVALIACIÓN DO II PIOM DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS. 2017.
- GUÍA PARA EL DISEÑO, GESTIÓN Y EVALUACIÓN DE PLANES LOCALES PARA LA IGUALDAD. EUDEL Asociación de Municipios Vascos e EMAKUNDE Instituto Vasco de la Mujer. Novembro 2008.
- GÓMEZ MERAYO, Raquel: "Los planes de igualdad: del diagnóstico a la evaluación".
- GUÍA PARA EL SEGUIMIENTO Y LA EVALUACIÓN DE LOS PLANES DE IGUALDAD. Secretaría Confederal de la Mujer CC.OO. Novembro 2009.
- GUÍA PARA EL SEGUIMIENTO Y EVALUACIÓN DE PLANES DE IGUALDAD DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMBRES Y MUJERES EN LAS EMPRESAS. Fundación Mujeres. Instituto de la Mujer. 2008.
- GUÍA PARA ELABORAR PLANES LOCALES DE IGUALDAD ENTRE MUJERES Y HOMBRES. Federación Española de Municipios y Provincias. 2005.
- 100 PALABRAS PARA LA IGUALDAD. GLOSARIO DE TÉRMINOS RELATIVOS A LA IGUALDAD ENTRE HOMBRES Y MUJERES. Comisión Europea. 1999.